

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día sete de outubro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión o interventor accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 30 de setembro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 30 de setembro de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería de Política Social e Igualdade, Orde do 24 de setembro de 2025 pola que se efectúa a segunda convocatoria de axudas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a

prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2024 a 2026, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS700A). DOG número 192, de 06-10-2025.

- Consellería de Economía e Industria, Resolución do 15 de setembro de 2025, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Cambre (expediente IN407A 2024/325-1). DOG número 193, de 07-10-2025.

3.- PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DO EXPEDIENTE “CONTRATO MIXTO PARA O DESENVOLVEMENTO DA CABALGATA INFANTIL DE REIS MAGOS A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NO ANO 2025”. EXPEDIENTE NÚM. 2024/C004/000023

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 3 de outubro de 2025 (CVD: /0Tcgg4ecAG/RRzjZmXs), que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que por Resolución da alcaldía, número 1/2025 de 2 de xaneiro de 2025, resolvéuse adjudicar o contrato mixto para o desenvolvemento da cabalgata infantil de Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2025, á favor da empresa “Animación y Eventos, S.L.”, no prezo ofertado de 52.750,00 € sen IVE, 63.246,70€ (IVE incluído), formalizándose o contrato administrativo o día 3 xaneiro de 2025. Exp: 2024/C004/000023.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. de data 18 de decembro de 2024 por importe de 2.637,50 € (inscrito no rexistro especial de avais co número 0182001136275 e con número de operación 0471-988-172874000004), depositado na Tesourería municipal con data de 18 de decembro de 2024 (núm. rexistro 1156).

Visto o escrito presentado por Dona Berta María Ramos Suarez, segundo di, en representación da empresa “Animación y Eventos, S.L.”, con data 13 de xaneiro de 2025 (núm. de rexistro de entrada 202599900000140) no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, de data 11 de xullo de 2025, (CVD: KfI0wbOGT6+ENd3YKOWG) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

Tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:

1.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 2.637,50 euros.

“(…)”.

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN** emitido pola Interventora interina Laura García Santiago, de data 5 de setembro de 2025, (CVD: KROJ+sQISl9MWH4jf8Ha), no que entre outras cousas di:

“(…)

III) CONSIDERACIONES

Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.

b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.

c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.

d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”

Segunda: O prazo de garantía

O artigo 111.1 LCSP determina que: “La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista”

A cláusula 27 das dos PCAP (CVD: /W2yh37Oiuhtz6TrHWYF) dispón que:

“27. RECEPCIÓN Y PLAZO DE GARANTÍA. *El contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando este haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación, de conformidad con lo previsto en el artículo 210 de la LCSP.*

El contrato tendrá un plazo de garantía de un mes a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del contrato.

Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.

Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista que los enmiende.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada.

Después de cumplido el objeto del contrato y prestada la conformidad por la Administración, se le dará curso a la cancelación de la garantía definitiva.”

Terceira: Informe favorable á devolución da fianza, asinado o 11.07.2025 (CVD: KfI0wbOGT6+ENd3YKOWG) polo coordinador de actividades deportivas e culturais:

“Tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:

1.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 2.637,50 euros.”

Cuarta: Extremos obxecto de comprobación

- Informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.

EXTREMO COMPROBADO

- A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista

EXTREMO COMPROBADO

- A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución

EXTREMO COMPROBADO

- A garantía non foi incautada por resolución do contrato

EXTREMO COMPROBADO

- Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

EXTREMO COMPROBADO

IV) CONCLUSIONES

Infórmase favorablemente a devolución de la fianza constituída en metálico por “ANIMACIÓN Y EVENTOS, SL.” por importe de 2.637,50 € correspondente a execución do contrato de servicios consistentes en diseño, produción y suministro dos elementos característicos da cabalgata de reis e o seu desenvolvemento no Concello de Cambre.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...).”

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva constituída mediante aval do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. pola entidade Animación y Eventos, S.L, con CIF B15902448, por importe de 2.637,50 euros no expediente número 2024/C004/000023, para o “Contrato mixto para o desenvolvemento da cabalgata infantil de Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2025”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante a señora alcaldesa (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 3 de outubro de 2025 (CVD: /0Tcgg4ecAG/RRzjZmXs), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA OBRA “MELLORA DA PISTA DEPORTIVA MUNICIPAL DO TEMPLE, CAMBRE”, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS

OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2022. **EXPEDIENTE NÚM. 2023/C003/000008**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 6 de outubro de 2025 (CVD: PrRbzcE+ju1IY3gldbEM), que transcrita di:

«PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

I.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2024 (CVD: H/N5FWUILnbevSVTS9+Z) polo que se aproba o presente expediente de contratación de contratación da obra "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2022 que consta na plataforma (TEDeC co núm. 2023/C003/000008)

II.-Vistas as actas da mesa de contratación de 4 de decembro de 2024 (CVD: +09qwhawFXbHml8M2oAg), de 28 de febreiro de 2025 (CVD: e2YEcJ6oPrudF6/ddNA3) pola que se propón a adxudicación do contrato a favor a favor da empresa "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.", en el precio ofertado de 47.420,00 euros sin IVA (57.378,20 euros IVA incluído) requeríndolle para que aporte a documentación que na mesa se contén, de 18 de setembro de 2025 (CVD: 6YwZYfNna6G1tA8KpZom),e de 1 de outubro de 2025 (CVD: yjf0604pK0y7hV/hPugz), esta última na que se acuerda: "...Declarar que "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L." ha presentado correctamente la documentación requerida en la Cláusula 16 del PCAP...".

Vista a documentación aportada polo licitador proposto como adxudicatario.

III.- Vistos os informes emitido pola secretaría xeral, de data 9 de outubro de 2024 (CVD: 7aW+2/W3tr/7ljKghJRp), de data 25 de outubro de 2024 (CVD: KNaKyyVH6+vD+8o6lMR) no que, entre outras cuestións, "...infórmase desfavorablemente o expediente de contratación, en tanto non se obtéña unha nova autorización da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou prórroga da concedida..." e o informe da técnica de xestión da administración xeral, co conforme da Secretaria xeral, de 3 de outubro de 2025 previo á adxudicación (CVD: FaDEckrXtB2jZXsmKO1R) no que, entre outras cuestións, conclúese que "...procede obter nova autorización ou nova prórroga do prazo da autorización concedida pola Xunta de Galicia para a execución da obra na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre. De non obterse infórmase desfavorablemente a adxudicación do contrato...".

IV.-Visto os informes de Intervención de 10 de outubro de 2024 (CVD: oLYQrmipVlaBKGhmoOHL), e de data 3 de outubro de 2025 de 2025 (CVD: 63I504q8P8iFNOcA20iy) no que, entre outras cuestións, conclúese según se transcribe: "...RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL) Fiscalizado **con observacións**:

- X*.A: a existencia de crédito axeitado e suficiente queda condicionada ao cumprimento dos prazos establecidos pola Deputación Provincial de A Coruña na súa calidade de ente financiador.
- X*.B: incumprimento do artigo 116.4.c da LCSP xa que non se xustifica no expediente a elección dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato nin as condicións especiais de execución do mesmo. Este incumprimento enténdese como unha observación e non como un reparo porque, ao tratarse dunha obra incluída nun plan provincial, é obrigatorio licitar ao arranxo dos pregos tipo da Deputación Provincial de A Coruña.
- X*.E: a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, a cal, avaliarase conforme criterios económicos e cualitativos. Esta intervención considera que o establecemento do prezo como único criterio de adxudicación non garante o cumprimento dos criterios anteriores polo que se está a incumplir o artigo 145.4 no que respecta á obriga dos órganos de contratación de velar por que se establezan criterios de adxudicación que permitan obter obras,

subministracións e servizos de gran calidade que respondan o mellor posible ás súas necesidades. Agora ben, do abano de criterios de adxudicación que permite o prego tipo da Deputación Provincial de A Coruña o criterio do prezo é o que máis se axusta ás exixencias do artigo 145.5 da LCSP.

Por outra parte, ADVIRTO que por Resolución número 2024/49686 do 29 de novembro de 2024 do Presidente da Deputación Provincial de A Coruña, concedeuse unha derradeira prórroga do prazo de execución de, entre outro investimentos, esta obra ata o 30 de novembro de 2025 (que podería prorrogarse ata o 30 de novembro de 2026 para o caso daqueles investimentos que o 30 de novembro de 2025 estean aínda pendentes de rematar por causas non imputables ao Concello, sempre que estivera iniciada a súa execución).

En atención ao exposto, a xuízo do que subscribe procede obter nova autorización ou nova prórroga do prazo da autorización concedida pola Xunta de Galicia para a execución da obra na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

*Polo tanto, emítase **reparo non suspensivo** polos motivos expresados, condicionado a que se obteña nova autorización ou nova prórroga do prazo da autorización concedida pola Xunta de Galicia para a execución da obra na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre. De non obterse nova autorización ou prórroga da autorización existente, o presente reparo terá carácter suspensivo, de acordo co disposto polo art. 216.2.c TRLFL...”.*

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Declarar válida a licitación admitindo nela a “Creche Concept Invest, S.L.”, “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.”, e “Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.”.

Segundo.- Outorgar por orden decrecente de puntuación ás ofertas presentadas as seguintes puntuacións:

Nombre Empresa	Oferta Económica	Baja (%)	Puntuación Val. económica	Temeraria
Creche Concept Invest, S.L.	49.000,00 €	1,18	5,51	No
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	47.851,24 €	3,50	16,33	No
Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.	47.420,00 €	4,37	20,39	No

Tercero.- Adxudicar a execución da obra denominada “Mellora da pista deportiva municipal do Temple” cun prazo de execución de 5 semanas, no prezo ofertado de 47.420,00 euros sin IVA (57.378,20 euros IVA incluído), a “**Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.**”.

Cuarto.- Designar director de obra e coordinador da seguridade e saúde ao enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don David Fraga Germade, que exercerá, así mesmo, as facultades de responsable do contrato, isto de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación prestada.

Quinto.- Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Sexto.- Notificar este acordo aos licitadores presentados e publicar este acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 6 de outubro de 2025 (CVD: PrRbzcE+ju1IY3gldbEM), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 26 de setembro ao 02 de outubro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 906/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 929/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
906/2025	26-09-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de 25 de setembro de 2025, referencia "ASUNTO: FISCALIZACIÓN PREVIA DA ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE (FASE D) DE CONTRATACIÓN ARTÍSTICA E PRODUCCIÓN DO XXXIII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2025. EXPEDIENTE (TEDEC NÚM. 2025/C004/000011) a efectos de continuar coa tramitación do procedemento, isto con base no informe do coordinador de actividades culturais e educativas, de data 25 de setembro de 2025.
907/2025	26-09-2025	Convocar sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local para o venres día 26 de setembro de 2025, ás 12.00 horas.
908/2025	26-09-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 30 de setembro de 2025, ás 10.00 horas.
909/2025	26-09-2025	Dar acceso a dona María Dolores Pan Lesta á execución orzamentaria por partidas ao día de presentación do orzamento de gastos, así como á relación de RCs emitidos dende o pasado 21 de abril de 2025.
910/2025	26-09-2025	Dar acceso a dona María Dolores Pan Lesta aos "Informes anuais

		<p>de resolucións contrarias a reparos e anomalías en ingresos" elaborados pola Intervención municipal correspondentes aos exercicios 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024.</p> <p>Denegar a solicitude referida ao "Informe anual de resolucións contrarias a reparos e anomalías en ingresos" correspondente ao exercicio 2025 xa que, de acordo co disposto no artigo 37.2 do RD 424/2017 de 28 de abril, emitírase no primeiro cuadrimestre do ano 2026 resultando imposible facilitar o acceso a un documento que aínda non foi nin tan sequera elaborado. Isto sen prexuízo do seu dereito a consultar todas as resolucións de alcaldía de levantamento de reparos suspensivos emitidas no período 2015 - 2025, previa solicitude na que especifique os números ou períodos que desexa comprobar aos efectos de poder preparar convenientemente a documentación e de planificar as datas e horarios de atención.</p> <p>Comunicar á solicitante que a relación das resolucións e acordos de levantamento de reparos pode consultalas nas actas do Pleno da Corporación (dispoñibles na seguinte dirección electrónica: https://cambre.es/plenos-municipales.) e nas actas da Xunta de Goberno Local (dispoñibles na seguinte dirección electrónica: https://cambre.es/junta-de-gobierno-local.)</p> <p>Denegar a solicitude de copia anonimizada dos "Informes anuais de resolucións contrarias a reparos e anomalías en ingresos" elaborados pola Intervención municipal correspondentes aos exercicios 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022, 2023, 2024 polos motivos expostos na parte expositiva desta resolución, por canto se consideran excesivas atendida a capacidade de traballo da Intervención municipal.</p>
911/2025	26-09-2025	Considerar desistido a JMBG da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 22/05/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
912/2025	26-09-2025	Aprobar o convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos co Concello de Cedeira. Subscribir o convenio interadministrativo referido e proceder a súa publicación nos medios oficiais municipais.
913/2025	26-09-2025	Denegar a MDMR a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 07/08/2025, xa que, segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
914/2025	29-09-2025	Considerar desistida a NCS, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 01/7/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
915/2025	29-09-2025	Considerar desistido a FAJM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal

		solicitada con data 28/5/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
916/2025	29-09-2025	Denegar a NCS a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 5/09/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios.
917/2025	29-09-2025	Acceder ao solicitado e remitirlle a dona María Dolores Pan Lesta a copia dos nomeamentos das persoas que ocupan postos de confianza do goberno local como persoal eventual.
918/2025	30-09-2025	Avocar a delegación xenérica da área de Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude efectuada a prol do terceiro tenente de alcaldesa, don Omar Gonzalo Lamela Vázquez, dende o día 7 ao 18 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 396/2025, do 30 de abril.
919/2025	30-09-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención, referencia: REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2025/T003/002824, de data 12 de setembro de 2025, tendo en conta o informe emitido pola Axente de Desenvolvemento local de data 16 de setembro de 2025, polo administrador do sistema informático de data 15 de setembro de 2025, e pola técnica de Servizos Sociais de data 17 de setembro de 2025. Aprobar as facturas por importe total de 84.288,56 euros
920/2025	01-10-2025	Adxudicar o contrato menor para a "Subministración de produtos e material de limpeza e hixiene persoal para os pavillóns municipais" a DIS RIVAS SLU por un importe de 1.036,92 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 1.254,67 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido. Designar responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas. Expediente: 2025/C002/000004.
921/2025	01-10-2025	Avocar a delegación xenérica da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico efectuada a prol do primeiro tenente de alcaldesa, don Rubén Vázquez Pérez, do día 2 ao 6 de outubro de 2025, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 396/2025, do 30 de abril.
922/2025	01-10-2025	Acceder ao solicitado e remitirlle a dona María Dolores Pan Lesta copia de documentación relativa aos expedientes adxudicados e celebrados dos eventos Open Science e Rock in Cambre.
923/2025	01-10-2025	Acceder ao solicitado e remitirlle a dona María Dolores Pan Lesta copia daquela documentación solicitada relativa ao expediente 2025/C002/000004.
924/2025	01-10-2025	Interpor recurso de alzada contra a resolución da Tesourería Xeral

		da Seguridade Social de data 3 de setembro de 2025, nº de caso P0020725452, pola que se dá de alta na Seguridade Social a funcionaria con data 3 de setembro de 2025 para que a alta sexa con efectos de data 5 de agosto de 2025 polos fundamentos de dereito relacionados no informe do Xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior, de data 18 de setembro de 2025, que se transcribe na resolución.
925/2025	01-10-2025	Asignar o número 16 B á vivenda unifamiliar situada no lugar de Castro, Bribes, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaria, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
926/2025	01-10-2025	Aprobar o pago en formalización por importe de 13.612,90 euros na aplicación orzamentaria "011 91100 Amortización de préstamos a longo prazo de entes do sector público" no préstamo codificado na contabilidade municipal como "2015/1/PAI15" e referido ó Plan da Deputación da Coruña denominado "2015 1 PAI15 PRÉSTAMO PAI 2015 (Préstamo)" con desconto na aplicación de ingresos "46100 Subvencións correntes Deputación". Aprobar o pago en formalización por importe de 194.428,56 euros na aplicación orzamentaria "011 91100 Amortización de préstamos a longo prazo de entes do sector público" no préstamo codificado na contabilidade municipal como "2015/1/PAI15" e referido ó Plan da Deputación da Coruña denominado "2015 1 PAI15 PRÉSTAMO PAI 2015 (Obras)" con desconto na aplicación de ingresos "46100 Subvencións correntes Deputación."»
927/2025	01-10-2025	Dar de baixa por inscrición indebida no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre, con efectos dende a data de sinatura desta resolución, as persoas que se indican a continuación por non residir neste municipio, cumprindo co establecido no artigo 72 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
928/2025	01-10-2025	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 1.760,00 euros.
929/2025	01-10-2025	Aprobar a nómina do mes de setembro de 2025 por un total líquido de 242.159,57 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así como o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de setembro de 2025 por importe total de 653,34 euros.

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.



6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo